



III PREMIO ARESA

Excelentísimo señor presidente, dignísimas autoridades,
benqueridos amigos:

Por terceira vez nos xuntamos neste auditorio para entrega-lo **Premio Aresa**. Pero hai algo que ten mudado dende as citas anteriores: A convocatoria xa é maior de idade, e os froitos da mesma afloran na realidade lucense. Certo que aínda non é tempo de cantar vitoria, nunca o será, pero imos acadando obxectivos.

Gustaríame comenta-lo feito da creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, organismo da Xunta de Galicia cuxos obxectivos fundacionais son tan coincidentes cos que motivaron a creación do noso certamen, que parecía inevitable unha colaboración, colaboración plasmada finalmente na participación no xurado da súa Directora Xeral, Doña Belén Hernández Lafuente, que ademáis tivo a amabilidade de aceptar impartir unha conferencia sobre produción integrada, feitos ambos que aproveito para agradecerlle. Así mesmo, agradezo tamén a súa participación a D. Pedro Fernández Puentes, vicepresidente de Zeltia e da Fundación Empresa Universidad Galega, así como ó Rector da Universidade de Santiago, D. Senén Barro Ameneiro, e ó Vicerrector do Campus de Lugo, D. Carlos Herrero Latorre, pola súa entusiasta e permanente colaboración.

Cando fixemo-la primeira edición, estivemos a piques de limita-lo ámbito de actuación á provincia de Lugo, na creencia de que era

a zona máis necesitada dun estímulo como o que poida supoñer a convocatoria deste premio. Axiña rexeitamo-la idea, de maneira que o Premio Aresa está aberto a toda Galicia. Pese a este criterio, dase a circunstancia de que as tres iniciativas gañadoras ata agora, están vencelladas á provincia, poñendo de manifesto que, anque se trata da zona que máis precisa a modernización do medio rural, hai xa iniciativas que son unha realidade que trascende do ámbito meramente provincial.

Como saben, o premio deste ano recaeu na **Aula de Productos Lácteos**. Nestes pasados días, un amigo díxome, e cito literalmente, “Moitas felicidades por haber concedido o premio a este centro de investigación, que a pesar da súa importancia é un gran descoñecido en Lugo.” Efectivamente: a súa contribución ó progreso do sector lácteo resulta tan notable que cando o xurado avaliou a candidatura apareceu a unanimidade. O labor da Aula constitúe o mellor exemplo de que os sectores productivos e a comunidade científica teñen moito camiño que recorrer xuntos.

Un principio no que eu creo firmemente, é que a única maneira de manterse, é tratar de mellorar continuamente. Esta filosofía foi a que motivou a creación do Premio Aresa para a mellora da economía rural, e este mesmo criterio é o que procuramos seguir nas nosas empresas.

De acordo con isto, a propia Aresa, mediante a nosa rede comercial e a Universidade de Santiago, cos seus medios científicos e docentes, temos ofrecido a nosa colaboración á Xunta de Galicia para axudar na implantación e difusión da Producción Integrada. Temos a convicción de que a agricultura e a gandeiría do futuro pasan inexorablemente por este sistema de produción. A nosa incursión neste eido é tamén, en certa

medida, unha reacción ás dificultades que ameazaron á gandeiría nos últimos tempos, porque é ben sabido que as crises que se afrontan como corresponde son tamén unha grande oportunidade de prosperar.

Este afán de mellora levounos, en Aresa, á instalación da primeira planta de fabricación de abonos órgano-minerais que se fai en Galicia, e que próximamente entrará en funcionamento. Trátase dunha factoría que producirá o que xa se coñece como o abono do futuro, elaborado a partir dunha mixtura de materias orgánicas e fertilizantes químicos, que cumpre con tódolos requerimentos de fertilización e normativas medioambientais que exige a Producción Integrada.

Neste sentido, no podo deixar de mencionar outros proxectos presentes e futuros nos que andamos inmersos, como é a implantación dunha cadea de establecementos, que complementa a nosa oferta de produtos para agricultores e gandeiros, e da que xa existe unha tenda piloto no polígono do Ceao en Lugo. Chámase Todocampo, e está previsto a súa ampliación a outros puntos de Galicia, coa colaboración da nosa rede comercial.

Temos tamén un proxecto, en Rábade, dun parque empresarial de cerca de 120.000 metros cadrados, que pola súa inmejorable ubicación, a 150 metros da autovía A6, e con terminal de ferrocarril propio, esperamos que se constitúa nun espazo de desenvolvemento empresarial referente para a comarca. Neste próximo mes de febreiro, presentaremos o proxecto técnico para a súa posta en marcha.

Por último mencionar a creación, a través da filial portuguesa do noso grupo Soaga, dunha nova compañía de produtos fitosanitarios, que operará en todo o territorio do país veciño.

Non quixera terlles aburrido ca referencia a estas iniciativas, polo que confío en que comprendan que o entusiasmo que nos move a emprender estes proxectos é precisamente o mesmo que me anima a compartir estas ilusións con todos vostedes.

Moitas grazas a todos.